

1

Os textos, unidades comunicativas Os sons do galego O galego de 1916 a 1936



Ramón Caamaño, *Retrato de familia* (1930).

COMUNICACIÓN

Os textos, unidades comunicativas

1. As unidades comunicativas: texto e enunciado
2. As propiedades textuais

Saber facer

Comentar un texto

FUNCIONAMENTO DA LINGUA

Os sons do galego

1. A gramática das linguas e as disciplinas lingüísticas
2. Os fonos e o aparello fonador
3. Vogais e consoantes
4. Acento e entoación

Obradoiro da lingua

Mais, e mais, a mais; máis; amais

LINGUA E SOCIEDADE

O galego de 1916 a 1936.

Contexto histórico e situación sociolingüística

1. A transición do século XIX ao século XX: panorámica xeral
2. A transición do século XIX ao século XX en Galicia
3. A situación social do galego no primeiro terzo do século XX
4. As Irmandades da Fala
5. A revista *Nós* e o Seminario de Estudos Galegos
6. A II República e o Partido Galeguista

Os textos, unidades comunicativas



A **retórica clásica**, nacida na cultura grega, era unha disciplina que ensinaba aos estudantes os modelos e técnicas para a construción de textos orais que fosen efectivos. As súas ensinanzas eran de especial proveito para os discursos políticos e xurídicos.

A lingüística é unha disciplina científica que se ocupa fundamentalmente do estudo da linguaxe humana e das linguas. Entre outros aspectos, céntrase na análise da forma, do significado e do uso das unidades lingüísticas que os humanos usamos para nos comunicar verbalmente. Estas unidades son os sons, os morfemas, as palabras, as oracións e tamén os textos. Ata os anos sesenta do século pasado, as oracións eran as unidades superiores e máis complexas que podían ser descritas e analizadas desde o punto de vista lingüístico. Nesa altura, comezaron a xurdir reflexións que chamaban a atención sobre a necesidade de abordar o estudo das unidades superiores á oración. Cando nos comunicamos, empregamos oracións que manteñen vínculos entre si, están ordenadas dun xeito determinado e, ademais, responden a unha determinada intención. Polo tanto, debía ser tamén tarefa da lingüística a descrición e análise das unidades comunicativas que resultaban do encadeamento dunha serie de oracións, isto é, das unidades comunicativas denominadas **textos**.

Esta nova disciplina xurdida no último terzo do século pasado denomínase **lingüística textual** e foise conformando coas achegas de moitas especialidades que tiñan o texto como unidade central de estudo: estudos literarios, socioloxía, antropoloxía, psicoloxía, lingüística aplicada, etc. A pesar de que a perspectiva de estudo semellaba nova, dentro da propia lingüística poden encontrarse precedentes que axudan a comprender o nacemento da lingüística textual. Tanto na retórica clásica coma nas principais correntes de análise lingüística do século XX (lingüística funcional e lingüística xenerativa) resulta doado identificar unha preocupación constante polos mecanismos de produción e interpretación das unidades superiores á oración. O interese destas correntes non era só polas regras que rexían a construción das mensaxes, senón tamén polas relacións destas co contexto, coas intencións dos interlocutores, cos rexistros lingüísticos, cos coñecementos culturais dos falantes, etc. A comunicación humana é un fenómeno moi complexo e require da contribución de moitas disciplinas para comprendela. A especialidade lingüística que se dedica a estudar as regras que determinan a formación das unidades comunicativas superiores denomínase **gramática textual**.

1 As unidades comunicativas: texto e enunciado

As persoas, cando falamos ou escribimos, empregamos unidades lingüísticas que poden variar moito na súa complexidade: desde unha mensaxe de texto dunha soa palabra (*Vou*) ata formas compostas por moitas palabras (unha conferencia, unha conversa despois dun xantar familiar, un libro de texto, etc.). Estas unidades teñen en común a súa natureza comunicativa e a súa autonomía, en tanto que serven para informar e son interpretadas sen dificultade tanto polos emisores coma polos receptores. As unidades comunicativas diferéncianse das unidades lingüísticas en que as primeiras teñen sempre significado completo e son independentes; as segundas, pola contra, non sempre expresan unha idea completa e, ademais, poden estar ligadas a algunha outra unidade lingüística. A preposición *en* e a oración subordinada *que me emprestaron* son unidades lingüísticas, pero non unidades comunicativas; as mensaxes *Vou en tren* e *Xa devolvín o ordenador que me emprestaron*, empregadas no contexto axeitado, si son unidades comunicativas. As unidades comunicativas fundamentais son o enunciado e o texto. A diferenza entre as dúas está na súa constitución: o enunciado é a unidade comunicativa mínima e o texto, a máxima.

O **enunciado** é a unidade comunicativa máis elemental e pode estar constituído por unha palabra ou por unha secuencia de palabras con significado completo. Os enunciados, ademais, son autónomos, isto é, non manteñen ningunha ligazón de

tipo sintáctico con outros elementos. Serven para expresar unha idea con sentido completo: *Póñame un café con leite. / Prohibido entrar con cans. / Pechado. / Aparta!* Na lingua oral enmárcanse entre pausas e posúen unha entoación particular e independente. Na lingua escrita, adoitan marcarse con maiúscula inicial e cun símbolo de puntuación final (punto, signo de interrogación, signo de admiración, etc.).

O **texto** é unha unidade comunicativa autónoma con sentido completo constituída por un enunciado ou por un conxunto de enunciados. Considérase a unidade básica e fundamental da comunicación, dado que, cando falamos e cando escribimos, o que acostumamos facer é construír unidades comunicativas complexas conformadas por varias oracións vinculadas entre si e dispostas de xeito organizado. Estas unidades, que tanto poden ser orais coma escritas, son os textos. A extensión dos textos é moi variable: un texto pode estar constituído por un único enunciado (unha soa palabra, *SAÍDA*) ou por centos de palabras e oracións vinculadas entre si (un discurso parlamentario, unha conversa entre amigos, unha novela de mil páxinas, etcétera).

2 As propiedades textuais

Os textos son sempre utilizados cun determinado propósito, nunha situación comunicativa concreta e seguindo unha serie de convencións e regras de uso comunicativo que tanto emisor coma receptor coñecen. Para que unha secuencia de enunciados sexa considerada como un texto debe presentar unha serie de propiedades: adecuación, coherencia, cohesión e informatividade. De maneira xeral, cando nos comunicamos utilizando a lingua producimos textos ben construídos e que cumpren co propósito para o que foron producidos: informar dunha novidade, solicitar axuda, comentar un acontecemento do día, demostrar os nosos coñecementos, etc. Se coñecemos as propiedades que caracterizan os textos efectivos seremos capaces de comprender as comunicacións alleas e poderemos construír textos máis eficaces.

As propiedades textuais están relacionadas co contexto en que se produce a comunicación (adecuación), co contido (coherencia e informatividade) e coas unidades lingüísticas que o constitúen (cohesión). Estas son as principais propiedades textuais:

- **Coherencia.** É a propiedade que permite recoñecer o significado global do texto. Se un texto é coherente, os destinatarios non terán dificultade para identificar o tema, as relacións de contido entre os enunciados e o sentido conxunto de toda a unidade. Nos textos coherentes non encontramos enunciados que presenten afirmacións contraditorias.
- **Cohesión.** É a propiedade textual que resulta da existencia de vinculacións entre os enunciados. As unidades que constitúen un texto (enunciados, parágrafos, etc.) deben estar vinculadas entre si por medio de elementos léxicos e gramaticais. Estes elementos permítenlle ao destinatario recoñecer as relacións que existen entre as distintas partes do texto, especialmente entre os enunciados e os parágrafos. Os textos pouco cohesionados seméllanse a relacións de enunciados illados.
- **Adecuación.** É a propiedade que resulta da adaptación dos textos á situación comunicativa en que se producen. Para que o texto sexa efectivo, debe adaptarse ás condicións extralingüísticas de produción e interpretación (intención, destinatarios, canle utilizada, contexto situacional, etc.). Se un texto non ten en conta o tipo de destinatarios a que vai dirixido ou a situación en que se vai ler ou escoitar, considerarase un texto inadecuado.
- **Informatividade.** É a propiedade que se refire á cantidade de información nova e á cantidade de información coñecida que aparece nun texto. Está relacionada tamén coa maneira en que no texto se combinan estes dous tipos de información. Nos textos máis efectivos acostuma darse un equilibrio entre a información que coñecen os destinatarios e aquela que descubren por primeira vez.

Texto e macrotexto

O termo **macrotexto** utilízase con diferentes significados, todos eles directamente relacionados coa unidade comunicativa que chamamos texto. Pode empregarse como sinónimo de *contexto*, especialmente no ámbito da crítica literaria. Pero este vocábulo tamén se utiliza para denominar unidades complexas compostas de varios textos independentes: un xornal, unha revista, un programa informativo da radio ou da televisión, etc.



Estas propiedades textuais están fortemente relacionadas e o baixo cumprimento dunha delas ten repercusións directas no resto. Se un texto é adecuado ao contexto en que se emprega, resulta coherente para os destinatarios, combina axeitadamente a información coñecida e a nova e, ademais, os enunciados que o constitúen están conectados entre si de maneira adecuada, ese texto cumprirá o obxectivo para o que foi creado.

ACTIVIDADES

1. Le as seguintes unidades, indica cales se poden considerar enunciados e describe o contexto en que actuarían como tales.

- | | |
|-----------------------|-------------|
| ■ Apaga aí, por favor | ■ En |
| ■ Reservado | ■ Eu |
| ■ Dixo que se ti o | ■ Arriba |
| ■ Sen saída | ■ Para que? |

2. Indica cales das seguintes afirmacións referidas ás unidades comunicativas son correctas.

- Os textos sempre poden ser comprendidos sen coñecer o contexto en que se produciron.
- Se dispós un grupo de oracións gramaticalmente correctas ordenándoas unhas despois doutras, a secuencia resultante sempre é un texto.
- Os textos son unidades comunicativas autónomas.
- Un texto pode estar constituído por unha única oración.
- A oración é unha unidade comunicativa e o enunciado é unha unidade sintáctica.
- Un enunciado debe ser sempre máis complexo ca unha oración.

3. Identifica a finalidade e os destinatarios dos seguintes textos.

Texto 1



O Instituto Español de Oceanografía, en colaboración coa Universidade de Vigo, levou a cabo nos últimos anos catro campañas científicas multidisciplinares a bordo do buque oceanográfico español Vizconde de Eza. O obxectivo fundamental foi a avaliación dos recursos pesqueiros de augas profundas de Mauri-

tania, pero de xeito paralelo os científicos tamén estudaron os invertebrados recollidos como fauna acompañante na pesca de arrastre. Entre estes invertebrados foron identificadas catro novas especies de crustáceos.

Texto 2

O noso propósito ao longo destas páxinas é mostrar, a través dos testemuños gráficos da publicidade e da propaganda da posguerra española, como eran a sociedade e a política dos anos corenta e cincuenta. Despois da vitoria de Franco na Guerra Civil, o novo réxime viviu unha primeira etapa filofascista, de pretensións totalitarias, que durou aproximadamente ata a fin da Segunda Guerra Mundial.



Texto 3

O xénero gramatical é un dos aspectos das gramáticas das linguas con maiores implicacións sociolingüísticas. E os cambios de ámbito mundial ocorridos nos últimos cincuenta anos, a raíz dos movementos feministas e da incorporación da muller ao mundo laboral, determinaron importantes modificacións no uso dos xéneros gramaticais en palabras referidas a seres humanos. Neste sentido, as linguas foron adaptándose ao uso efectivo que os falantes fan, por exemplo, dos nomes relacionados coas profesións.



relacionados coas profesións.

- ▶ Propón un título para cada un dos textos anteriores.
- ▶ A que tipo de secuencias textuais cres que pertencen eses fragmentos? Xustifícao.

SABER FACER

Comentar un texto

O comentario de textos é unha actividade que pon a proba a nosa capacidade para comprender o contido, recoñecer a intención, identificar a estrutura e sinalar as características lingüísticas da unidade comunicativa que estamos a analizar.

Cómpre ter en conta que non existe unha única forma de abordar o comentario, e que sempre será necesario adaptarse ao contexto histórico, ao tipo de texto concreto ante o que nos atopamos e á finalidade que este persegue.

A continuación, presentámosche unhas pautas xerais para o comentario, que deberás adaptar a cada un dos textos concretos que comentes.



LECTURA E COMPRENSIÓN DO TEXTO

- **Prelectura.** Realiza unha lectura xeral do texto para ter unha primeira idea do tema e do contido. Nesa primeira lectura, intenta identificar xa o autor, a finalidade do texto, os destinatarios a que se dirixe, a época e o contexto sociocultural en que se insire, etc.
- **Lectura comprensiva.** Volve ler o texto con atención e procura ir discriminando as ideas principais das secundarias. Intenta, ademais, identificar as palabras relevantes, percibir a estrutura xeral e o modo en que se organizan as ideas, etc.

ELABORACIÓN DO COMENTARIO

Introdución

Presenta o texto que vas comentar indicando o seu autor ou autora e explicitando o tema que aborda. Realiza, ademais, un resumo do seu contido que deberá ser claro e preciso. Procura elaborar esa síntese sen repetir de xeito literal fragmentos do texto.

O tema do texto debes expresalo a través dun enunciado simple que recolla o seu sentido global. Para identificar ese tema, examina a información proporcionada polo título, polas ideas principais e polas partes inicial e final. O máis axeitado é que comuniques o tema nunha frase de poucas palabras (entre 5 e 8 termos, aproximadamente).

Estrutura do texto

Describe a estrutura formal e de contido do texto. Comenta a estrutura externa reparando no título, nos eventuais subtítulos e na disposición en parágrafos. Identifica os bloques de contido que poidan existir e busca unha relación entre estes e a organización en parágrafos.

Se o texto é argumentativo, procura sinalar a tese, os argumentos e a conclusión.

ACTIVIDADES

1. Busca un texto de opinión nun xornal ou nunha revista e elabora un comentario segundo as pautas indicadas.

Non esquezas incluír os elementos que se refiren a continuación.

- Un resumo do contido.
- Unha descrición da estrutura.
- Un comentario avaliativo final.

Comentario da forma

Indica o tipo de secuencia textual que prevalece no texto (descriptiva, expositiva, argumentativa, etc.) e xustifícao.

Analiza as características formais do texto:

- a) cal é a intención do autor e cal é a función lingüística predominante;
- b) que procedementos cohesivos se empregan para darlle unidade e para organizar a información;
- c) que recursos retóricos se empregan e que efecto provocan;
- d) cal é o tipo de léxico que se usa e con que campos semánticos se pode relacionar;
- e) que recursos se empregan para expresar o punto de vista do autor;
- f) de que xeito se relaciona o tipo de secuencia predominante cos recursos lingüísticos (tempos verbais, uso de adxectivos, etcétera);
- g) que rexistro lingüístico adopta o autor e como se relaciona este co tipo de texto (conferencia, noticia, artigo de opinión, carta, etc.).

Avaliación crítica


Inclúe un comentario crítico sobre o texto. Se expresas a túa opinión sobre o tema que se trata, debes xustificala con argumentos claros e ben fundados. Relaciona os argumentos que empregues coas afirmacións que aparecen no texto; podes utilizar información que non figure no escrito e que resulte útil (exemplos, citas de autoridade, etc.).

Remata o comentario cun enunciado claro en que se identifica a túa opinión (acordo, desacordo, etc.) con respecto ás ideas expresadas no texto.

O teu comentario debe ser sempre un texto comprensible, en que as ideas estean expresadas de xeito claro e preciso. Relé, revisa e corrixe o texto antes de dalo por finalizado.

Os sons do galego

Aparello fonador



1 A gramática das linguas e as disciplinas lingüísticas

A gramática está integrada por distintas disciplinas lingüísticas, cada unha delas ocúpase dunha parte diferente da descrición das linguas. A **fonética** ocúpase da descrición da pronuncia dos sons; a **fonoloxía** describe como a lingua emprega os sons para compor significantes; a **morfoloxía** estuda a estrutura interna das palabras; e a **sintaxe** ocúpase de como se combinan as palabras para producir enunciados e oracións. Nesta unidade ímonos ocupar da fonética da lingua galega.

2 Os fonos e o aparello fonador

As expresións lingüísticas están conformadas por cadeas de sons lingüísticos ou **fonos**. Os fonos prodúcense modificando o son causado por unha corrente de aire expulsada desde os pulmóns; a modificación lógrase movendo un ou varios órganos do **aparello fonador**, de modo que varía a forma do conduto polo que circula o aire.

O aparello fonador divídese en tres partes: a *cavidade oral*, conformada polos labios, os dentes, a lingua, a mandíbula inferior e o ceo da boca; a *cavidade nasal*, localizada no interior do nariz; e a *cavidade farínxica*, que comprende a raíz da lingua, a farinxe e a glote.

Os fonos son analizables en *trazos fonéticos*, distintos segundo os movementos que os *articuladores* efectúan durante a produción de cada fono; os articuladores son os órganos que modifican a forma do conduto polo que circula o aire a través do aparello fonador. Os trazos fonéticos permiten describir e clasificar os fonos da lingua.

3 Vogais e consoantes


A primeira clasificación dos fonos permite distinguir entre **vogais** e **consoantes**. As vogais artículanse permitindo a saída libre do aire; as consoantes, pola contra, prodúcense poñendo algún tipo de dificultade á súa saída.

3.1 As consoantes

Podemos clasificar as consoantes segundo o tipo de acción que realizan os articuladores (**modo de articulación**). Comezamos atendendo a se as *cordas vocais* vibran ou non; cando se pechan, o aire que sae dos pulmóns fainas vibrar e producir un zunido chamado *voz*. A *voz* é un elemento esencial en moitos aspectos da fonética das linguas: nas consoantes, a presenza ou a ausencia de *voz* permite distinguir **consoantes sonoras**, como a inicial de *nai* (realizada con *voz*, con vibración das cordas), e **consoantes xordas**, como a inicial de *feo* (realizada sen *voz*).

Unha vez que o aire pasa pola farinxe chega a unha bifurcación formada polo veo do padal. Se este está abaixado, o aire circula pola cavidade oral e pola nasal: os fonos así articulados son **nasais**, como o inicial de *nai*. Se o veo está elevado, o aire só pode fluír pola cavidade oral: estes fonos son **orais**, coma todos os de *pau*.

Cando o aire chega á cavidade oral, pode encontrar alí diversas configuracións, cada unha delas suporá unha modificación no son. Se a lingua está apoiada no ceo da boca e contraída, o aire sae só polos lados, dando lugar a consoantes **laterais**, como a inicial de *lado*. Se se permite que o aire corra polo centro da lingua, vindo de atrás cara adiante, teremos fonos **non laterais**, como os de *ti*.



Para percibires a vibración das cordas vocais, pousa os dedos sobre a noz da gorxa mentres pronuncias *a*; sentirás como esa zona vibra.

Por outra parte, a corrente de aire pode ser interrompida de todo e liberada subitamente; se isto sucede, temos fonos **oclusivos**, como o inicial de *pau*. Se a corrente de aire pasa por unha zona moi estreita, produce ruídos similares a cando sopramos; estes fonos son **fricativos**, como o inicial de *feo*. Se o aire circula por un espazo non tan estreito, sae sen eses ruídos; estes fonos son **aproximantes**, como o intervocálico de *aba*. Se o aire atopa unha oclusión seguida dun estreitamento dá lugar a fonos **africados**, como o inicial de *cheo*.

Se se producen interrupcións breves repetidas rapidamente, temos fonos **vibrantes**, como o inicial de *ramo*; se só existe unha interrupción moi breve, temos un fono **golpeado**, como o intervocálico de *para*. Estas dúas consoantes adoitan agruparse baixo o termo vibrantes: a **vibrante múltiple** [r] e a **vibrante simple** [r].

As consoantes tamén se clasifican polo **punto de articulación**, o lugar onde se produce o estreitamento. Se é nos labios, temos consoantes **bilabiais**, como a inicial de *bala*; se participan os incisivos superiores e o labio inferior, as consoantes son **labiodentais**, como a inicial de *feo*; se a punta da lingua se achega aos dentes, temos consoantes **dentais**, como a inicial de *zoco*; se se aproxima aos alvéolos, serán consoantes **alveolares**, como a inicial de *lama*; se a zona anterior da lingua se achega á zona posterior dos alvéolos, as consoantes son **postalveolares**, como a inicial de *cheo*; se o corpo da lingua se achega ao padal duro, prodúcese fonos **palatais**, como a consoante intervocálica de *ollo*; se se achega ao veo do padal, temos consoantes **velares**, como a inicial de *cousa*.




De arriba abaixo, pronuncia dos sons [i], [u], [f] e [θ].

		PUNTO DE ARTICULACIÓN														
		bilabial		labiodental		dental		alveolar		postalveolar		palatal		velar		
		xordo	sonoro	xordo	sonoro	xordo	sonoro	xordo	sonoro	xordo	sonoro	xordo	sonoro	xordo	sonoro	
MODO DE ARTICULACIÓN	oclusivo	p	b			t	d							ʝ	k	g
	fricativo			f		θ		s	z	ʃ						
	aproximante		β				ð									ʎ
	africado									tʃ						
	nasal		m				ɲ		n				ɲ		ŋ	
	lateral						ɭ		l				ʎ		ɮ	
	vibrante								r	r̄						

ACTIVIDADES

- Busca no dicionario da RAG (www.academia.gal) o significado da palabra *gramática*, substantivo feminino.
 - ▶ Le as definicións de *gramática descriptiva* e *gramática normativa*, e explica as diferenzas.
 - ▶ Xustifica con exemplos por que a gramática dun dialecto é descriptiva e non normativa.
- Pon a lingua na postura necesaria para pronunciar [l], consoante inicial de *lado*, e, mantendo esa posición, inspira aire. Fai o mesmo co segmento [ʎ], inicial de *xeo*. Despois, contesta.
 - Que partes da lingua arrefrían en cada caso e cales non?
 - A que se debe este fenómeno?

- O fono [s] de *casa* é xordo: na súa articulación non vibran as cordas vocais. Pronuncia un [z], isto é, un ese sonoro, illado e sen vogal ningunha. Para iso deberás facer vibrar as cordas vocais.
 - ▶ Alterna o son xordo e o son sonoro.
- Alterna a pronuncia dos segmentos intervocálicos das palabras *cozo*, *coso* e *coxo*.
 - ▶ Contesta. Que diferenzas notas na forma de acercarse a lingua ao ceo da boca?
 - ▶ Busca os trazos que definen cada un destes sons no cadro das consoantes e verifica que os seus puntos de articulación coinciden cos que ti pronuncias.



Como se pode apreciar no cadro, en galego hai sete vogais en posición tónica, que permiten distinguir palabras. Por iso é moi importante pronunciar correctamente as vogais medias palatais [e] e [ɛ] e as vogais medias velares [o] e [ɔ]. Isto permítenos distinguir palabras como *óso* / *oso* e *pé* / *pe*.

- [i] vogal pechada palatal non redondeada
- [e] vogal media pechada palatal non redondeada
- [ɛ] vogal media aberta palatal non redondeada
- [a] vogal aberta central non redondeada
- [ɔ] vogal media aberta velar redondeada
- [o] vogal media pechada velar redondeada
- [u] vogal pechada velar redondeada

3.2 As vogais

Para clasificar as vogais do galego atendemos á posición da lingua e dos labios. A lingua pódese acercar ao ceo da boca ou afastarse del. Se se achega, queda menos espazo para a saída do aire e temos **vogais pechadas**; se se afasta, amplíase o espazo e temos **vogais abertas**. As vogais que se articulan sen acercar moito a lingua ao ceo da boca, pero tamén sen afastarse moito del, son chamadas **vogais medias** (á súa vez clasificables en *medias abertas* e *medias pechadas*).

A lingua tamén se pode mover cara adiante ou cara atrás. As vogais que se articulan movendo a lingua cara adiante son **palatais**; as que se articulan levando a lingua cara atrás, **velares**; cando a lingua nin vai adiante nin atrás temos **vogais centrais**.

As vogais articuladas redondeando os labios (coma para dar un bico) son **redondeadas**. As articuladas sen redondeamento ou estirando os labios cara aos lados, coma cando sorrimos, son **non redondeadas**. Con estes parámetros describimos as vogais do galego do seguinte xeito:

Estes son os sete fonos vocálicos prototípicos do galego. Existen máis que non mencionamos aquí.

Cómpre destacar algunhas particularidades deste repertorio:

- En galego, as vogais velares son sempre redondeadas; o resto, non redondeadas.
- Hai dúas vogais medias pechadas [e] e [o] e dúas medias abertas [ɛ] e [ɔ]. As primeiras articúlanse achegando a lingua ao ceo da boca, pero non tanto coma en [i] e [u]; as segundas prodúcense afastando a lingua do ceo da boca, pero non tanto coma en [a].

4 Acento e entoación


As propiedades descritas ata agora afectan a cada fono de maneira individual, pero tamén existen trazos que actúan sobre unha cadea de fonos; o conxunto destes trazos chámase *prosodia*. As variacións prosódicas conséguense modificando a **duración** dos segmentos, a **forza** con que se emiten e, sobre todo, a **velocidade** con que vibran as cordas vocais. Mediante estes mecanismos conseguimos o acento nas palabras e a entoación nos enunciados.

- O **acento** permítenos distinguir entre sílabas átonas e tónicas no nivel da palabra. As sílabas tónicas conséguense ao expulsar o aire dos pulmóns con máis forza: así, as cordas vocais vibran máis rápido, o que produce un son máis longo, máis agudo e máis intenso.
- A **entoación** permite distinguir significados nos enunciados e indicar onde comezan e rematan. As variacións na entoación prodúcense modificando a velocidade de vibración das cordas vocais (ton grave, vibración lenta; e agudo, vibración rápida), a forza na expulsión do aire e a duración dos segmentos.

Na lingua escrita usamos os signos de admiración ou de exclamación para axudarnos a representar as diversas entoacións. Non é o mesmo preguntar *Vés hoxe?* ca ordenar *Vés hoxe!* A diferenza non está nos fonos implicados, que son os mesmos, senón nos padróns de entoación.

O tipo de significado que se transmite coas modificacións na entoación adoita ser modal: serve para mostrar dúbida, certeza, ironía, desconfianza, asombro, etc.

O esquema seguinte mostra dúas maneiras de pronunciar a oración *O soldado falaba co cabalo*; a liña vermella correspóndelle a unha entoación interrogativa; a liña verde, a unha entoación afirmativa. A secuencia de palabras e segmentos é a mesma nos dous casos, polo que o significado léxico e gramatical tamén é igual; con todo, teñen un significado modal diferente grazas á entoación.



Para analizar os sons poden empregarse representacións gráficas denominadas espectrogramas.

O enunciado interrogativo (representado pola liña vermella) presenta unha elevación no ton (obtido cun aumento na vibración das cordas vocais) ao principio, que se mantén alto ata a sílaba *ca*, desde onde cae bruscamente (mediante unha diminución na vibración das cordas vocais) ao final.

En cambio, no enunciado enunciativo (representado pola liña verde) elévase o ton paseniñamente ata a sílaba *da* para despois ir baixando amodiño (cunha pequena elevación na sílaba *co*) ata o final.

ACTIVIDADES

5. Busca a definición das vogais [i], [e] e [ɛ], [a].

- ▶ Pronuncia a parella [i] e [e] e describe as diferenzas que notes na lingua, nos labios e na altura da queixada.
- ▶ Pronuncia a parella [e] e [ɛ] e describe as diferenzas que notes nos lados da lingua e na altura da queixada.
- ▶ Pronuncia a parella [i] e [ɛ] e volve describir as diferenzas na posición da lingua, da queixada e dos labios.

6. Acabas de ver que [i] se define como vogal palatal pechada non redondeada.

- Anota agora como se describe a vogal [u].
- ▶ Alterna a pronuncia de [i] e [u] e comproba de que xeito se corresponden os trazos fonéticos coas operacións que fas coa boca.

7. Pronuncia [ma] e [ba] co nariz tapado.

- ▶ Explica por que unha das sílabas se pronuncia con máis dificultade ou non a dás pronunciado ben.

8. Respira profundamente e pronuncia [a] ata quedares sen aire. Pídelle a alguén que calcule canto tempo aguantas e anótao.

- Fai o mesmo con [m].
- Fai o mesmo con [s].
- Comproba se hai diferenza nos tempos; de habela, explica a que cres que se debe.

9. Fai a transcripción fonética destas palabras guiándote polas táboas das consoantes e das vogais.

- caro ■ caza ■ unha ■ casa ■ ferro
- carro ■ comer ■ uña ■ face ■ lapis

10. Le detidamente a definición de *entoación* que che ofrecemos no texto.

- ▶ Pronuncia agora a frase *Agora calas a boca*:
 - Coma se fose unha afirmación simple e neutra.
 - Coma se fixeses unha pregunta en que mostras que o silencio da outra persoa non che gusta moito.
- ▶ Explica as diferenzas entre unha e outra pronuncia.

Mais, e mais, a mais

Lembra: a parella *mais* / *máis* diferénciase na grafía por un acento diacrítico que se superpón á forma que é tónica.

- A forma **mais** é unha conxunción adversativa (equivalente a *pero*):

*Fun alí disposta a contarllo todo, **mais** non puíden facelo.*

- **Mais** forma parte das locucións conxuntivas **e mais ~ a mais**, que se empregan para resaltar a idea de que se suman elementos: 'e (tamén)'. Por veces tamén se emprega a forma simple *mais* co mesmo significado:

*Levou consigo un sobriño **e mais** un afillado.*

*Ti **a mais** eu sabemos de que falamos.*

*Eu **mais** Pedro fomos a Vigo no tren.*

Máis

- **Máis** é a forma dun adverbio de cantidade; como tal, forma parte de numerosas locucións, como *de máis*, *máis ou menos*, *por máis que*, *nin máis nin menos*.

*Era o home **máis** feliz do mundo.*

*Non volveu beber viño nunca **máis**.*

*Creo que berraba **máis** da conta.*

- **Máis** é tamén un cuantificador indefinido, con valor comparativo:

*Fixo **máis** cartos ca Creso.*

*Xa non teño **máis** fame.*

Nas secuencias *o máis de / a máis de / os máis de / as máis de* toma o valor de 'a maioría de', 'a maior parte de':

*Pasaba **o máis do** tempo mirando pola ventá.*

***As máis das** veces pedía chocolate.*

- Esa mesma forma tónica fai parte dos pronomes identificadores *o máis / a máis / os máis / as máis*, equivalentes a 'os demais', 'o resto':

*Nós viñemos con Ana. **Os máis** colleron o bus.*

- **Máis** é un substantivo que denomina o signo da adición:

*Pon aí un signo **máis** ben grande. Que se vexa: dous **máis** dous igual a catro.*

Estes valores de *máis* son compatibles coa presenza da conxunción *e* (*e máis*) ou a preposición *a* (*a máis*):

*Vai ela **a máis** festas **e máis** romarías ca ti.*

Amáis

- **Amáis** é un adverbio, equivalente a *además*; forma con *de* a locución prepositiva *amáis de*:

*E, **amáis**, débolle a vida.*

*Xan era, **amáis de** fachendoso, un pillabán.*

1. Completa estes enunciados con *mais* / *e mais* / *a mais* / *máis* / *amáis*.

- Oín que outros días farán festexos, eu non me acordo de cales serán.
- Vós marchades, ¿e logo que vou facer cos ?
- ti fixeches o que me reprochaches a min.
- O crego está alegre, os seus fregueses .
- Apenas podo contalo, atende o que me pasa.
- Tiven que darlle os cartiños, convidalo.
- Traían unha cincha de coiro cruzándolles o peito, , aínda , do lado esquerdo unha carabina.
- Ninguén lle creu nada, dicía a verdade.
- O estraño é que non volvemos ter medo nunca .
- , pensamos ir eu meu pai.
- Convideino a outra volta, el dixo que non quería .
- Que blusa bonita tes; debe ser ben fresquiña.

2. Fai un cadro coas distintas clases de palabras e clasifícalas nelas deste poema de Ramón Cabanillas.

A Basilio Álvarez

Sementador! O trigo dos beirales mostra as espigas mestas e douradas, e as segadoras fouces, afiadas, teñen trágico brillo de puñales.

O teu verbo, estalante nos pinales, troca, ó chegar ás chouzas das valgadas, os salaios das gorxas abafadas en ruxidos guerreiros e triunfales.

A aldea ergueuse co claror da aurora agardando o sinal, e non sosega en axexo da loita vingadora.

Xa a luz do sol do mediodía cega, sementador! Sementador, xa é hora de dar o berro e comezar a sega!



Ramón Cabanillas, *Da terra asoballada* (1917)

3. Cabanillas dedica o soneto anterior a Basilio Álvarez. Investiga sobre el e fai unha redacción que explique a oportunidade da dedicatoria en relación co contido do poema. (Mínimo vinte liñas.)

4. Completa esta serie de nomes coa súa forma feminina.

- patrón ■ abusón ■ anfitrión
- anglosaxón ■ cabezón ■ bretón
- campión ■ chorón ■ rapazón
- corentón ■ acusón ■ faltón
- nenón ■ estrañón ■ león

► Clasifica estes nomes en tres grupos:

- -ón é un sufixo aumentativo;
- -ón é un sufixo que crea nomes a partir de verbos ('que -v.- moito');
- -ón non é un sufixo.

► Extrae unha regra que dea conta da diferenza entre -ón/-ona e -ón/-oa.

5. Estes topónimos relaciónanse con nomes de animais (zootopónimos).

A Escaravalleira	Curuxeira	Lobeira
As Teixugueiras	O Pombal	O Miñoteiro
Penas do Raposo	A Oseira	Formigueiro
A Pena do Golpe	A Garduñeira	Niñodagua
A Perdigoteira	A Cerveira	Corveira
A Sapeira	A Lagarteira	A Toupeira

Describe oralmente cada un deses animais e intenta dar unha explicación verosímil de como se puido xerar esa denominación para o lugar.

6. Repara nos trazos básicos desta definición.

pucharca s. f. Pequeno burato que hai no terreo e que está cheo de auga da choiva.

► Di cales destas palabras non fan serie con *pucharca* polo seu significado.

- pucha ■ poza ■ balsa ■ charco
- pucheiro ■ chafariz ■ lago ■ lagoa
- pozo ■ cachoeira ■ callao ■ encoro

7. Le estes enunciados coa entoación adecuada.

- Vés hoxe ás sete. [constatación]
- Vés hoxe ás sete!? [sorpresa agradable]
- Vés hoxe ás sete!? [sorpresa desagradable]
- Vés hoxe ás sete? [pregunta neutra]
- Vés hoxe ás sete! [orde]

8. Indica o grao de abertura das vogais tónicas na conxugación dos verbos *beber* e *deber*.

eu bebo ti bebes el bebe nós bebemos vós bebedes eles beben bebe ti bebede vós	eu debo ti debes el debe nós debemos vós debedes eles deben debe ti debede vós
---	---

► Sinala tres verbos que se conxuguen coma *beber* e tres que o fagan coma *deber*.

9. Di se son homófonas as palabras homógrafas destacadas con letra grossa.

- Non creo que nos **cobre** moito, pero, claro, se todos lle pagamos pouco, non lle **cobre**.
- Sariña, **ten** coidado de que o neno non se manque con ese xoguete que **ten** na man.
- Eu **son** a encargada e eles **son** os meus operarios.
- Eu creo que xa **fora** aló un par de veces. A primeira **fora** pola Pascua, ¿ou sería polo Entroido?
- **Come**, anda, **come**. Mira teu curmán que ben **come**.
- **Pon** outra vez eses papeis no mesmo caixón en que os **pon** teu avó.
- Non **pod**o deixar as árbores así. Sempre as **pod**o algo.

10. Sinala as formas correctas en galego.

- canón / cañón ■ comino / comiño
- dañino / daniño ■ destino / destiño
- divino / diviño ■ medicina / medicifa
- estrano / estraño ■ antano / antañño

11. Selecciona un elemento para a descrición (columna I) e dous contextos comunicativos distintos (columna II).

I	II
polbo toxo hórreo ría	profesor - exame profesor - cafetería, fóra do centro amigo estranxeiro - carta turista xaponés - pregunta na rúa curmán pequeno - comida familiar turista xaponés - guía escrita

► Elabora dúas descricións axeitadas para cada contexto, contrástaas e explica oralmente en que se diferencian.

O galego de 1916 a 1936. Contexto histórico e situación sociolingüística

1 A transición do século XIX ao século XX: panorámica xeral

A comezos do séc. XX o mundo occidental estivo nunha difícil encrucillada. Por un lado, o proceso de expansión iniciado na segunda metade do séc. XIX alcanzou un alto grao de desenvolvemento e, polo outro, xurdiron conflitos bélicos que ían modificar o equilibrio das grandes potencias mundiais.

Na economía prodúcese a chamada segunda revolución industrial, debido á aparición de novas fontes de enerxía como o petróleo e a electricidade. No aspecto social, a burguesía vive un momento de grande esplendor e as masas obreiras agrúpanse en sindicatos que loitan por mellorar as condicións laborais dos traballadores e por cambiar as estruturas da sociedade. Na política, xorden as grandes tensións que darían orixe á Primeira Guerra Mundial, da que saíu unha nova Europa cunha situación política máis debilitada fronte a Xapón e aos Estados Unidos. A isto cómpre engadir o triunfo da revolución comunista en Rusia, en 1917.

1.1 Os novos retos da ciencia e do pensamento

Á expansión económica acompañouna un inevitable progreso técnico e científico. Logo da invención do telégrafo e do teléfono, apareceron a telegrafía sen fíos, o automóbil, o desenvolvemento da aviación, o cinema e os raios X. Todos estes avances tecnolóxicos provocaron unha reconsideración das teorías científicas, abandonando case por completo a metodoloxía dos positivistas do séc. XIX. Neste eido cabe destacar, por exemplo, os avances das matemáticas e da lóxica e, sobre todo, o da física coa formulación da teoría da relatividade, que Einstein deu a coñecer entre 1905 e 1915. En filosofía, superados o positivismo e o racionalismo do séc. XIX, lograron un importante eco as teorías psicanalistas do médico austríaco Sigmund Freud, que transformaron a concepción do comportamento humano.

1.2 A renovación das artes

A expresión artística abandona os conceptos da época anterior e rexeita os enfoques tradicionais que estaban solidamente establecidos. Foi no campo da pintura onde as novidades resultaron máis rechamantes. Despois do impresionismo (1875), as chamadas vangardas sucedéronse con ritmo acelerado: expresionismo, cubismo, futurismo, surrealismo, etc., que, polo xeral, senten preferencia pola abstracción, en prexuízo da clásica dimensión figurativa. En arquitectura séntanse as bases do funcionalismo, pasan a empregarse como materiais preferentes o cemento armado e mais o ferro, que contribúen a solucionar as novas necesidades construtivas tanto na edificación pública coma na privada.

En literatura supéranse o realismo e o naturalismo. O novelista francés Marcel Proust publica a súa novela máis coñecida *En busca do tempo perdido* (1913-1927), que é un intento de levar ata as súas últimas consecuencias a observación da conciencia individual. En poesía e teatro aparecen as novas e ousadas experiencias vangardistas. Nas literaturas peninsulares cómpre ter en conta, ademais, a presenza de dúas correntes literarias específicas: o modernismo e o saudosismo. O primeiro non chegou a calar plenamente na literatura galega, mentres que o saudosismo portugués exerceu unha notable influencia nos poetas galegos de preguerra.



Mapa humorístico de Europa en 1914. A Primeira Guerra Mundial cambiou a política e a cultura de todo o continente.



A Coruña a comezos do século XX. O tranvía supuxo un profundo cambio no transporte.

2 A transición do século XIX ao século XX en Galicia

A maioría dos males que afectaban Galicia na segunda metade do séc. XIX seguiron vixentes nos primeiros anos do séc. XX, sobre todo a emigración cara a América e o atraso económico e agrario. Con todo, no primeiro terzo do séc. XX, a sociedade galega experimentou un proceso de modernización que continuaría ata o inicio da Guerra Civil.

Os principais cambios que favoreceron esa importante transformación económica e social en Galicia durante estes anos foron os seguintes: a desaparición da fidalguía rendeeira ao se iren eliminando os foros, que eran a súa principal fonte de ingresos; a adquisición da propiedade das terras por algúns campesiños con recursos como consecuencia da abolición dos foros; a consolidación dunha pequena burguesía industrial e financeira, nacida arredor da industria conserveira, do comercio do gando e do diñeiro procedente da emigración; o inicio do desprazamento da poboación do campo cara ás cidades ou cara ás vilas cabeceira de comarca; e a aparición de pequenos colectivos do proletariado.

2.1 Os movementos agrarios

En Galicia, a Lei de Desamortización (1835) non alcanzou os resultados que perseguía, pois foron moi poucos os campesiños que puideron adquirir en propiedade as terras que traballaban. A maioría das terras pasaron a mans da burguesía, dos profesionais liberais e da fidalguía rica. Isto fixo que no medio rural continuase o estancamento económico, o baixo desenvolvemento técnico e as fortes cargas impositivas.

Para intentar solucionar estes atrancos naceron os distintos movementos agrarios en que o campesiñado se implicou activamente. Estas sociedades, de carácter reivindicativo, tamén se preocuparon pola formación cultural e ideolóxica dos seus afiliados. A máis representativa foi a Liga Agraria de Acción Gallega, dirixida por Basilio Álvarez.

Entre 1917 e 1923 o movemento agrarista radicalizou os seus postulados, centrando as súas reivindicacións na abolición dos foros. No período da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) proliferaron os sindicatos de inspiración católica que cooperaron para organizar as vendas de gando e promoveron a formación técnica dos campesiños e a experimentación de novos cultivos. A partir de 1930 o asociacionismo agrario minguou e, co estalido da Guerra Civil, desapareceu totalmente.

3 A situación social do galego no primeiro terzo do século XX

Ao comezar o século XX, as elites urbanas galegas (comerciantes, empresarios, funcionarios...) estaban xa practicamente instaladas no castelán e ollaban con desprezo o galego. Só as clases populares urbanas, o mundo rural e mariñeiro, os artesáns e traballadores mantiñan viva a lingua galega. Esta repartición social das linguas foi a responsable da valoración negativa do galego e positiva do castelán.

Con todo, neste contexto creouse en 1906 a Real Academia Galega (RAG), promovida pola colonia galega da Habana, onde se formou unha *Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega*. Esta debía fomentar a literatura galega, recoller o folclore e a cultura popular e producir un dicionario e unha gramática normativos. Pero a Academia non era só *da lingua*: debía ter seccións de historia, literatura, ciencias e belas artes, o que provocou que non se centrara no labor lingüístico. Alén disto, a Academia non tivo apoios oficiais, nin do Goberno nin de institucións galegas.



No Faetón de Rianxo a Santiago (1908) é un cadro pintado por Castelao en que están representados distintos estamentos sociais. De esquerda a dereita: a burguesía, a Igrexa e a xente do común.



Mitin de Acción Gallega en Ribadavia, 1914.

Entre os seus primeiros membros non figuraban persoas coa formación lingüística precisa para estudar o galego cos métodos que se usaban no resto de Europa nin para levar adiante a estandarización da lingua. De feito, incluso entre os académicos, o uso do galego seguía ligado ao cultivo da poesía, mentres que o castelán era usado na prosa científica, nos actos públicos, nos discursos, nas actas etc. Por exemplo, o *Boletín da Real Academia Galega* está practicamente redactado en castelán ata 1926.

4 As Irmandades da Fala

A RAG, pois, non acompañou a evolución da reivindicación galeguista que seguía desenvolvéndose na sociedade: incluso acabaron por formar parte dela persoeiros da Coruña sen interese pola promoción do galego. Foron as **Irmandades da Fala** as que recolleron a evolución das aspiracións galeguistas do Rexionalismo. Fronte á RAG e ao seu modelo obsoleto, as Irmandades foron máis alá, pois tiñan xa unha concepción política que optaba pola ampliación do seu espectro social e pola formulación de alternativas políticas concretas.

A primeira Irmandade foi fundada na Coruña en 1916 por un grupo de intelectuais galeguistas que elixiron conselleiro primeiro (presidente) a Antón Villar Ponte, o promotor da iniciativa. A esta seguíronlle outras en Santiago de Compostela, Monforte, Ourense, Pontevedra, Vilalba, Vigo..., ata chegar a un número de trinta irmandades no momento de maior expansión. As máis importantes foron a da Coruña e a de Ourense. O seu órgano de expresión foi o xornal *A Nosa Terra*, fundado en 1916 e escrito integramente en galego.

4.1 O proxecto político das Irmandades da Fala

As Irmandades da Fala foron un movemento político que definiu Galicia como unha nación, un país dotado de territorio, lingua, historia, institucións e cultura propias e diferenciadas. As súas teses políticas quedaron plasmadas en dúas obras: *Teoría do nacionalismo galego* (1920), de Vicente Risco, e *Doutrina nazonalista* (1921), de Ramón Villar Ponte.

O seu ideario político foi definido na primeira Asemblea Nacionalista celebrada en Lugo en 1918. Entre outros, reivindicaban os seguintes puntos: a necesidade dunha **autonomía integral para Galicia** como paso previo e necesario para a súa integración nunha organización federal da Península; a **cooficialidade lingüística de galego e castelán**; **autonomía económica** que permitise a xestión do réxime tributario; o recoñecemento da **parroquia como entidade xurídica**; a **igualdade de dereitos entre home e muller**.

En 1922 produciuse unha ruptura no seo das Irmandades. O núcleo coruñés (Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira) pretendía que as Irmandades fosen un movemento de masas que participase na loita electoral e na política institucional. O grupo ourensán (Vicente Risco, Florentino Cuevillas e Otero Pedrayo) buscaba reforzar o labor cultural e de concienciación. O sector encabezado por Risco gañou e as Irmandades decantáronse polas teses culturalistas.

4.2 O proxecto cultural das Irmandades da Fala

As Irmandades promoveron empresas e actividades para desenvolver a literatura en galego no primeiro terzo do século XX. Destacan as seguintes:

Fundaron editoriais de libros: *Céltiga* en Ferrol, *Alborada* en Pontevedra, *Libredón* en Santiago, *Lar e Nós* na Coruña etc; **publicaron revistas** monolingües (*A Nosa Terra*, *Rexurdimento*, *Nós*) e **xornais**, como o *Gali-*



Cartel conmemorativo do centenario das Irmandades da Fala (1916-2016).

cia, orientados á defensa dos intereses galegos; **potenciaron o cultivo do galego** con concursos e propaganda do libro en galego; **promoveron a narrativa, o teatro e o ensaio**, buscando aumentar o número de lectores en galego; **apoiaron o teatro en galego** creando compañías e formando actores e actrices; **traduciron obras da literatura universal**, demostrando a validez do galego para expresar todo tipo de ideas e de conceptos; **alentaron os coros populares** para dignificar a nosa música folclórica; **fundaron o Seminario de Estudos Galegos** (1923) para estudar a nosa realidade.

4.3 As Irmandades na recuperación e na dignificación do galego

As Irmandades da Fala desempeñaron un papel decisivo na recuperación e na dignificación do galego no primeiro terzo do século XX. O seu programa lingüístico demandaba a cooficialidade do galego e do castelán, a elaboración dun dicionario e dunha gramática do idioma, a confección dun plan pedagóxico para a introdución do galego no ensino, a implantación dunha cátedra de galego na Universidade de Santiago, etc.

Para avanzar neste proceso de recuperación e dignificación, os intelectuais das Irmandades deseñaron moitas estratexias. Estas foron algunhas:

- O emprego dun novo discurso reivindicador da lingua galega como sinal de identidade colectiva de Galicia. En palabras de Antón Villar Ponte: «Sen a lingua morreremos como pobo, e nada significaremos en dexamais na cultura universal».
- Diversas tentativas de elaborar unha normativa e un rexistro culto do idioma coa publicación de gramáticas e dicionarios. Carré Alvarellos publica, en 1919 un breve *Compendio de gramática galega* e, en 1922, Lugo Freire a súa *Gramática do Idioma Galego*. En 1926 o Seminario de Estudos Galegos publica un *Vocabulario popular galego-castelán*, que quedou incompleto, e o propio Carré Alvarellos iniciou, en 1928, a publicación do seu *Diccionario galego-castelán*.
- Introducción do galego en ámbitos como a liturxia, a propaganda política e comercial, conferencias, publicacións de carácter científico, a escola, a radio, etc. en que sempre estivera prohibido ou relegado.
- Inicio da recuperación da toponimia galega que desde os Séculos Escuros viña sendo deturpada por imposición das instancias oficiais: *Vivero por Viveiro, *Carballino por O Carballiño, *Punteareas por Ponteareas, etc.


4.4 Algunhas iniciativas no ensino e na igrexa

Nas primeiras décadas do séc. XX, a presenza do galego nas aulas era inexistente e mesmo se chegaba a reprimir con castigos físicos ou psíquicos a quen o utilizaba. Para contrarrestar esta situación de absoluta marxinación nun ámbito tan importante coma o da escola, as Irmandades da Fala promoveron varias iniciativas:

- A elaboración de propostas para a galeguización do ensino, como as realizadas por Viqueira (1918) e Risco (1921), que propoñían o emprego do galego como idioma auxiliar nas explicacións nas aulas.
- A publicación, en 1922, da revista infantil en galego, *As Roladas*, por iniciativa de Ramón Cabanillas e a creación, na Coruña, das «Escolas de Insiño Galego», impulsadas polo editor Ánxel Casal, entre 1924 e 1930.
- A publicación dos primeiros materiais pedagóxicos para a aprendizaxe do galego, como o *Método de lectura*, de Xosefina Iglesias Vilarelle (1932), e o *Libro das primeiras letras*, de Xosé Ramón Fernández Oxea (1936).



Carné das Irmandades da Fala asinado por Antón Villar Ponte.



Mais estas iniciativas apenas tiveron repercusión, pois durante a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) publicáronse diversas ordes que impoñían o uso do castelán no ensino e prohibían calquera outra lingua.

A presenza do galego nos usos litúrxicos era case inexistente nesta época. A xerarquía eclesiástica e o propio clero mantiveron unha posición contraria ao uso do galego. Aínda así, xurdiron algunhas propostas galeguistas de carácter cristián como a revista *Logos* (Pontevedra, 1931) e o colectivo «Deus Fratresque Gallaeciae», que traduciu varios textos para rezar en galego e publicou numerosos artigos en defensa da súa incorporación ao cerimonial litúrxico. Algunhas personalidades do ámbito da Igrexa foron o arcebispo Lago González, que escribiu poesía en galego e formou parte do Seminario de Estudos Galegos, e os sacerdotes Xesús Carro e Paulino Pedret.



Selo do Seminario de Estudos Galegos.

5 A revista *Nós* e o Seminario de Estudos Galegos

En 1920 apareceu en Ourense a revista *Nós*, co subtítulo de *Boletín mensual da cultura galega*. Escrita integramente en galego, foi un dos proxectos editoriais máis importantes do galeguismo. Baixo a dirección de Risco, un grupo de escritores ourensáns (Otero Pedrayo, López Cuevillas e Losada Diéguez), todos pertencentes ás Irmandades, creou esta revista cultural, que máis tarde daría nome ao propio grupo.

Os escritores do **Grupo Nós**, en que hai que incluír tamén a Castelao, responsable da dirección artística da revista, modernizaron a cultura galega, afastándoa do costumismo folclorista e poñéndoa en contacto coas correntes máis avanzadas da literatura e da arte europea e universal de comezos do século XX. Con eles a lingua galega alcanzou un alto grao de madurez, consolidándose en xéneros ata entón pouco cultivados como a narrativa, o teatro e o ensaio.

En 1923 fundouse en Santiago de Compostela o **Seminario de Estudos Galegos**. Estaba formado fundamentalmente por universitarios e tiña como finalidade promover a investigación interdisciplinar sobre a realidade galega. Desde a súa fundación ata que desapareceu en 1936, desenvolveu un importante labor en distintos eidos do saber: economía, xeografía, historia, arqueoloxía, etnografía, dereito, ciencias naturais, etc.

6 A Segunda República e o Partido Galeguista

En abril de 1931 proclamouse a Segunda República e en decembro fundouse o **Partido Galeguista**. Estes acontecementos tiveron grande importancia para a recuperación social do galego. O novo réxime estableceu un marco menos hostil co galego ca o da ditadura de Primo de Rivera. Ademais, a nova formación política tería como punto básico do seu programa reivindicar a cooficialidade do castelán e do galego e o seu uso no ensino.

Castelao, na primeira intervención no Parlamento español defendeu que non se limitase o uso das linguas propias de cada comunidade, fronte á postura de Miguel de Unamuno que propoñía o castelán como lingua oficial do Estado. Esta discusión xerou un intenso debate público sobre a cuestión lingüística. Ao final triunfaron as teses de Unamuno e o castelán foi proclamado idioma oficial da República.

O Partido Galeguista participou na elaboración do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia. Aprobado en plebiscito o 28 de xuño de 1936, a inmediata sublevación militar que orixinou a Guerra Civil impediu que se aplicase. No Estatuto recollíanse o principio de cooficialidade do galego e do castelán, e o dereito a usalo na escola.



Cartel a favor do Estatuto de 1936, de Camilo Díaz Baliño.

Manifesto da Asambleia nazonalista de Lugo

Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en Asambleia magna tida na cibdá de Lugo nos días 17 e 18 do mes da data pra conqerire do Goberno de Sua Maxestade El Rey a autonomía integral da Nazón Galega e fixar n-un programa concreto as que coidan testas soluciós ós problemas que intresan d'un xeito fondonísimo á vida nazonal da Galicia, aprobaron e sosteñen, c-o corazón ateigado de esperanza e os ollos postos no porvir da nai Terra, as siguientes conclusiós, que fan públicas pra conocimiento e meditazón do pobo galego [...].

Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazonalidade, nós nomeámonos, de oxe para sempre, nazonalistas galegos, xa que a verbe «rexionalismo» non recolle total-as apiraciós nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

II. Problemas constituentes

- 1.º Autonomía integral pr-a Galicia.
- 2.º Autonomía municipal, distinguindo o Concello aldeán do vilego, axeitándose o Concello aldeán sóbor da base do reconecimento da persoalidade xurídica das parroquias [...]. O Concello terá de sere, pol-o tanto, mais que unha organización de carácter administrativo, unha prolongación ou compremento das parroquias. [...]
- 3.º Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.
- 4.º Federación da Iberia.
- 5.º Dentro d-esta federación, igoaldade de relacións con Portugal. [...]
- 7.º Ingreso das nazonalidades da Iberia na Liga das Nazóns.

III. Problemas políticos.

- 1.º Igoaldade de dereitos pr-a muller. [...]
- 3.º Acabamento das Diputaciós provincíais.
- 4.º Creación do Poder Autónomo, representado por un Xuntoiro ou Parlamento Galego, elexido por sufraxio universal, con total-as facultás que a reforma da Constitución non garde pr-o Poder Central. [...]

V. Custiós xurídicas [...]

- 3.^a A publicación das leises farase no idioma galego.
- 4.^a Igoaldade de dreitos da muller casada, pol-o menos no caso da emigración do marido.

VII. Aspectos artísticos

- 1.^a Proclamar a soberanía estética da Nazón Galega que se exercerá: a) Sobor das construciós urbanas e ruraes, ditándose unha lei que obrigue ós propietarios a axeitarse o estilo das suas construciós ó estilo xeneral de cada vila galega. [...]
- c) Na organización do ensino artístico, con creación d-unha escola musical galega.

A Nosa Terra, 5 de decembro de 1918



Antón Villar Ponte.

ACTIVIDADES

1. Velaquí unha mostra do tipo de lingua en que se escribía no primeiro terzo do século xx. **Resolve as cuestións que se propoñen.**
 - ▶ Analiza o uso do guión.
 - ▶ Explica o que significan as palabras *testas*, *Xuntoiro*.
 - ▶ Analiza como se fai o plural dos substantivos rematados en *-n*.
 - ▶ Explica a que cres que se debe o uso de formas como *nazonalismo*, *nazonalista*.
 - ▶ Revisa o uso dos sufixos *-zón* e *-ción*: é consecuente?
2. Indica que nos demostra que nos atopamos ante unha asociación política (e non só cultural).
3. Contesta. Que significa o concepto de «soberanía estética»?

Recensión de *A man de Santiña*, de Cabanillas


Con este nome rematou Ramón Cabanillas unha obra do teatro galego, en galego, que il chama farsada en dous pasos. Ista farsada nos foi remitida a nós pol-o autore genial de «Vento Mareiro», e nas nosas maus está.

«A Mau de Santiña», cujo original único poseemos, inda que feita de presa por Cabanillas, é com'a primeira pedra d'un género teatral moderno que moi-to convén enxergar na nosa lingua.

A nosa lingua, até agora, no teatro, non se tiña empregado senon en senso d'antiguedade, facéndoa expresadora de temas históricos, e en senso actual ageitada ao rusticismo. Dramas e comedias aldeans, tragedias do pasado; a istes usos, mais inda con pouca eficacia e n'un número pequeno d'obras cultivarás a forma idiomática galega.

Ramón Cabanillas ofércenos agora a sua farsada en dous pasos, escrita nunha prosa cheia de belezas na que o geito clásico castelán d'acotare por esceas, non existe, como non existe, endeben, en moitas obras portuguesas. E isa farsada, ond'a sinxeleza, a poesía, o bó gusto e o espírito señorial camiñan axuntados, ten que facere imitadores.

«A man de Santiña» é un juguete acugulado de delicadezas e de mainos e mornos sentimentos, onde fica redimido o noso idioma pol-a modernidade da fábula. E camiño luminoso a seguirmos para ter un teatro novecentista, pois de geito oitocentista e par-



No Pavillón Lino da Coruña estreouse, o 22 de abril de 1921, a obra de Cabanillas *A man de Santiña*. Esta foi a primeira representación do Conservatorio Nacional de Arte Galega.

tidista son coase total-as escasas produciós feitas até a data.

Non significa isto que nós sintamos genreira hacia os asuntos rurás e d'esencia popular. Coidamos que os ditos asuntos son os mais pintorescos e os mais interesantes no senso que poderíamos chamar *folklorico*. Mas para a dinificación *momentánea e urgente* do noso idioma nada juzgamos millor que as obras teatrás de tema universal nas que interveñen persoaxes d'altura, escritas en galego. Obras nas que o galego sirva samente de meio d'espresión como outro calquer idioma nazonal.

«A man de Santiña», con todo, é unha linda obra galega, pol-la forma e pol-o fondo. Unha obra que conqueriría bó éxito en calquera centro elegante. Obra que demostra como o galego serve millor que para porcadas e cousas rústicas, para cousas finas, delicadas e belas. Son señoritas e señores os protagonistas.

A Nosa Terra, 6 de xaneiro de 1919

ACTIVIDADES

- Este é un texto aparecido tamén n'*A Nosa Terra*, transcrito respectando a súa forma orixinal. Explica os usos das letras *g*, *j* e *x*, e compara este uso co que viamos no primeiro texto da antoloxía.
 - ▶ Indica como marca o autor as contraccións e compárao co xeito de marcalas do anterior autor. A que atribúes estas diferenzas?
- No texto anterior falábase de «soberanía estética». Indica que trazos de *A man de Santiña* mostran a noción de soberanía estética.
- Contesta. Que quere dicir o autor con «teatro oitocentista» e «novecentista»?
- Responde.
 - Por que o autor considera que esta obra de Cabanillas contribúe á dignificación do idioma?
 - Que papel tiña que xogar o teatro na recuperación e dignificación do idioma?


Recensión sobre un número da *Revue de l'Orient* (Bulgaria)

N-outro tempo, â mesa do NÓS chegaban estranos libros, dende os mais recuados recantos do mundo. Viñan libros de Oriente: os poemas do patriota armenio Hrand Nazariant colleran o camiño do NÓS, coma cando os armenios medievás, santos ou perfumistas, deprenderan o vieiro de Compostela, traguendo os foles cheos de herbas recendentes de símbolos e de misterios escritos para quen os sabia lêr, no Paraíso das Platerías.

Despoixas, non sei coma foi, que os camiños ficaron esquecidos.

Mais coma o Tobío está en Sofía, de cando en cando aparez a súa sinatura por atrás de un moimento mais ou menos bizantino, mais ou menos moderno. De esta vez chegou unha revista escrita n-alemán e francés: *Revue de l'Orient-Revue des Orients*, e na primeira páxina aparez antre códices, iconos e oxivas, a imaxe [...] de Otez Paissi, Pai da Poesía búlgara, historiador do seu pobo. Arredor unha brevísima historia da Literatura en Bulgaria, cousa ben descoñecida antre nós, cousa ben incógnita e estrana, razón de mais, hoxe en día, para que nos intrese.

Os búlgaros son un pobo suponse que d'orixe mongólica incrustado nas provincias bizantinas e bizantinizado. San Cirilo e san Metodio déronlles un alfabeto e unha espresión escrita qu'encomenza no século XX c'unha literatura eclesiástica e litúrxica, tamén mundana e polémica, biográfica (encol de San Cirilo e Metodio, encol dos Zares Simeón e Boris), teolóxica e nacional, escrita por xente d'eirexa: Tschernorisetz Chraber, o Bispo Constantino, Xohan Exarca, o Presbítero Cosmas. Inquéritos encol do



Luís Tobío Fernández (1906-2003), membro do Seminario de Estudos Galegos, foi secretario da embaixada española en Bulgaria na década de 1930.

idioma búlgaro, estudos bíblicos, mística, polémica teolóxica, ergueita pol-a herexía dos Bogomilos, unha seita búlgara de xeito oriental, ispiradas en ideas traguidas da India. Fixo isto nacer unha rica literatura de apócrifos de un gran valor poético caxeque non investigada. [...]

O Dr. M. Raltcheff, autor do artigo que recollemos (*Momente der bulgarischen Literatur*) sigue dando nomes d'escritores búlgaros: Vasil Drumeff, Ivan Vasoff, Pentscho Slaveikoff [...]. Escritores que os mais de nós non hemos lêr endexamais, e que ceais por iso mesmo, lévannos mais curiosidade. E mais, quen sabel ao millor o Tobío trainos calquera día a versión d'algún libro d'esos iñorados autores.

Nós, 15 de febreiro de 1934

ACTIVIDADES

1. Velaquí unha recensión dunha revista publicada en Bulgaria. O texto está transcrito na súa forma orixinal.
Busca formas galegas que hoxe son consideradas dialectais e quedaron fóra do estándar.
2. O texto contén hiperenxebrismos (deformacións das palabras galegas que coinciden formalmente coas castelás, para facelas pasar por xenuínas).
Localiza no texto os hiperenxebrismos e explica en que consiste a deformación.
3. Contesta.
 - Que sentido cres que ten introducir toda esta reflexión sobre historia e literatura búlgara nunha revista galega dos anos 30 do século xx?
 - Que nos demostra este texto sobre a misión cultural que se autoimpuxo o Grupo Nós?
 - Pensas que esta decisión é só cultural ou tamén política? Xustifica a resposta.
 - En que se diferencia esta actitude da que tiñan os membros do Rexurdimento?

O idioma e a cultura

Algúns homes –galegos tamén– andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfeición baixando pol-a escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o anxeio de chegaren a ser deuses e renegan das inquedanzas que produz a sabiduría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, co-a súa variedade de culturas, é o siño distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animaes. Velahí a demostración: Un can de Turquía oubea igoal que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas argentinas rincha igoal que un cabalo de Bretaña. E sabedes por que? Porque os probes animaes aínda están no idioma universal...

Un idioma non nasce pol-a vontade xenial d-un grupo de homes; nasce pol-a predisposición psicolóxica d-un pobo, que, en condicións hestóricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de expresión. Porque un idioma é o corpo sensible d-unha cultura, e todo atentado á língoa peculiar d-un povo representa un atentado á súa cultura peculiar. Mais os povos teñen unha forza máxica, invulnerable, e por eso as nacións asoballadas poden verse privadas do seu poder creador, ou poden convertirse en parásitos da cultura dominante; pero endexamáis se deixan asi-



mlar. O problema do idioma en Galiza é, pois, un problema de diñidade e de liberdade; pero máis que nada é un problema de cultura. Estamos fartos d-esa cultura esterilizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta. Pedimos garantías legaes para o desenvolvemento natural do noso espírito, porque queremos volver presentarnos diñamente no mundo, levando nas mans o ouro da nosa cultura (sabiduría manifestada) para ofrendarlllo ao acervo cultural da Humanidade.

Castelao, *Sempre en Galiza* (1944)

ACTIVIDADES

1. Explica de que xeito Castelao defende a variedade lingüística do mundo. Por que sería un atraso para o ser humano que existise só unha lingua universal?
2. Responde.
 - Cal é o vínculo entre lingua e cultura que propón Castelao?
 - Que cousas especiais pode ofrecer Galicia á humanidade?
3. Debatede na clase se sería posible ou desexable un mundo en que todos os seres humanos falasen unha soa lingua.
4. Discutide entre vós se Castelao acerta ou erra cando afirma que os pobos non se deixan assimilar.
5. No texto fálase do mito da Torre de Babel. Busca información sobre ese mito e explica o que quere dicir Castelao cando afirma: «Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo e renegan da vida ascendente».
6. Analiza o texto desde o punto de vista lingüístico e anota no caderno aquelas palabras ou expresións que non formarían parte hoxe da variedade estándar.

O que supón a galeguización da Universidade

Eu entendo por galeguización –di CADARSO– establecer cadeiras de História, historia da literatura, economía, xeografía, etc. de Galiza. O coñecemento da nosa realidade. [...]

Galeguización é estudar os problemas xeneraes tendo en conta que os que os estudan son galegos; estudar galegamente o universo. Implantar logo cadeiras especiais para os nosos problemas, e poñerse á servizo do idioma natal [...] –CARBALLO (CALERO).

Aplicar á realidade galega os principios fundamentais da ciencia universal e crear cadeiras e disciplinas para resolver os problemas que a nosa vida galega pranteia –SEIXO.

Pra min Galiza é unha nación perfectamente definida. Pois ben, pra min a Universidade ten de sere o espónente cultural desta nacionalidade [...] –CALVET

Levar á Universidade galega os principios da cultura universal preparando aos seus estudantes pra afrontar a realidade galega integramente –HONTORIA.

Álvaro de las Casas, *Nós*, 15 de xaneiro de 1932

ACTIVIDADES

1. Álvaro de las Casas preguntoulles a varios membros destacados da Universidade de Santiago (alumnado e profesorado) en que consistía a galeguización da Universidade.

Le as respostas que deron e contesta.

- Que interese podía ter preguntar sobre a galeguización da Universidade a principios dos anos 30 do século xx?

► Fai un resumo que inclúa as diferentes propostas.

► Explica a posición de Hontoria.

2. Este texto reproducése respectando a súa forma orixinal, non coincidente coa variedade estándar do galego actual.

Fai unha análise do uso de <r> e <l> ao inicio de sílaba.

- Describe a formación do plural nas palabras rematadas en -l.

As normas para a unificación do idioma galego

Co-esto está dito o espírito que debe domeñar a nosa orientación: «O de achegamento ao portugués nos valdeiros que hai que encher no noso idioma». Felizmente este foi o método que seguíu o «Seminario» dende un principio, así no desbotar os apóstrofos, no suprimir moitas sinalefas, etc., e non cremos polo tanto innovación senón proseguimento lóxico as normas que presentamos cando din algo que se compre agora. Mais somentes debemos achegarnos nos valdeiros que hai que encher na nosa fala, pois agás da nosa principal obriga de deixar que o galego siga ceibamente polos sulcos que él vaise marcando non podemos crer que o portugués sexa unha lingua perfecta aínda coa relativa perfeición a que se pode aspirar nas cousas do linguaxe, e por isto cando unha construción castelán que viña suprir unha falla no galego tomou patria no noso idioma, se aquela é superior técnica-mente á portuguesa co-ela debemos ficar. [...]

Hoxe é tempo de adolescencia da nosa cultura e polo tanto da nosa lingua; así que non trabemos o desenrolo dela desbotando as ricas formas dialectais,

ou somentando a régoas inflexibles a evolución das verbas desde o latín, ou asiñando taxativamente os cultimos. A cultura galega por tanto tempo descurada quer ar puro e amor agarimoso de nai polo de agora. Xa lle virá o día de asometerse ás prescizóns, moitas veces nimias dos doutores.

A Nosa Terra, 23 de xuño de 1934

ACTIVIDADES

1. Esta é parte da introdución xustificativa á proposta normativa que fixo o Seminario de Estudos Galegos en 1933.

Responde.

- Cal é a postura que os autores teñen cara á influencia que poden exercer o portugués e o castelán sobre o galego?

- Que significa que o galego «siga ceibamente polos sulcos que el vaise marcando»?

- Por que propugnan flexibilidade ante as variacións dialectais?

O soño do Apolo

A moitos, a morte de Neil Armstrong lembroulles a viaxe á Lúa. A outros, en cambio, tamén nos fixo decatarnos de que, despois del, case ninguén volveu ir. En total, tan só doce persoas camiñaron sobre a superficie do noso satélite. Non son moitas para un corpo celeste que está tan só a uns catro meses en coche. O certo é que a aluaxe quedou como unha rareza, mesmo na historia da exploración espacial, un espellismo do que se pensaba que sería e non acabou totalmente de ser. Non é que a investigación no espazo se detivese. Pero o que isto ía ser era o comezo do futuro, dun futuro en que ía haber cidades na Lúa e viaxes espaciais privadas en cuestión duns poucos anos, e o que resultou ser é un grandioso momento épico do pasado, unha nostalxia. Incluso a palabra *aluaxe* perdeu ultimamente moito do seu lustre e hoxe serve para referirse sobre todo a unha técnica para roubar xoiarías.

A explicación é que a viaxe á Lúa non tivo continuidade porque nunca formou parte da exploración do espazo, senón da Guerra Fría. A Lúa era xa moi coñecida para os científicos e, aínda que si tiña sentido facer aluar un vehículo para recoller mostras, a decisión de que fose un voo tripulado non engadía nada en si á parte técnica da misión. Era unha necesidade política, nun momento en que a URSS ía gañando a carreira do espazo. De feito, a idea non naceu nos despachos da NASA, senón nos da Casa Branca. Digamos que á NASA encargáronlle cumprir cunha promesa electoral. Claro que hai promesas electorais e promesas electorais, e postos a elixir entre prometer acabar coa seguridade social ou pór a

tres militares na superficie da Lúa a un custo de máis ou menos un rescate de Bankia por cabeza (que é o que custaría en diñeiro de hoxe), hai que recoñecer e gabar a diferenza en altura de miras.

Se se pensa un pouco e se deixa de lado a Verne, tamén ten certa lóxica que non houbera cidades na Lúa. Semellaba ser unha solución a unha catástrofe ecolóxica ou nuclear na Terra e, no noso entusiasmo, raramente reparamos en que a Lúa é a que é, en certo xeito, o resultado dunha catástrofe ecolóxica: un espazo devastado pola erosión onde non hai auga nin aire. Facer viable a vida humana no noso satélite sempre será máis caro e máis difícil ca resolver o mesmo problema na Terra. A nosa civilización industrial require unha infraestrutura que non é replicable sen os parámetros que se dan na Terra, e sen civilización industrial non é posible a vida na Lúa, nin na Terra para unha poboación do tamaño da actual.

O noso soño infantil, cando viamos a serie *Espazo 1999*, de vivir nunha cidade selenita vestidos todos co mesmo pixama, era un soño e agora é un soño que se fixo vello a canda nós. O ano 1999 veu e pasou, e o máis destacado dese ano resultou ser o establecemento do euro. Outro soño futurista que leva camiño de ser pasado. Quizais deberíamos deixar de darlle tantas voltas ao futuro, que nunca está á altura das expectativas, e concentrarnos algo máis no presente, que parece que necesita bastante máis traballo.

Miguel-Anxo Murado, www.huffingtonpost.es (adaptación)

ACTIVIDADES

1. Responde.

- Cal é o tema do texto? Consideras que se trata dun tema de actualidade? Por que?
- Cales son as ideas principais que trata o autor?
- Como xustificas o título do texto?
- Cales son as ideas do pasado e do presente que pon en relación o autor?
- ▶ Resume en 100 palabras o contido do texto.

2. Contesta.

- Cal é a intención do autor no texto?
- Trátase dun texto obxectivo ou subxectivo?
- A través de que marcas lingüísticas se manifesta a identidade do emisor?

- Como se estrutura o texto? Hai relación entre a estrutura do contido e os parágrafos?
- Cal é o estilo sintáctico predominante (oracións breves, oracións longas, oracións complexas, adxectivación, etc.)?
- ▶ Identifica todas as palabras do texto relacionadas morfoloxicamente con *Lúa*, indica a clase a que pertencen e defíneas.

3. Indica se as vogais tónicas das seguintes palabras son abertas ou pechadas.

- | | | | |
|---------|------------|---------|---------|
| ■ foxo | ■ prometer | ■ tamén | ■ noso |
| ■ pensa | ■ detivese | ■ soño | ■ menos |

4. Elabora un texto expositivo dunhas 200 palabras en que desenvolves o seguinte tema: «O galego no primeiro terzo do século xx».